



NORMAS DE INSCRIPCIÓN PARA OS CURSOS DE OFIMÁTICA ON LINE DO COBGA

1. A inscrición efectuarase mediante o **formulario on line**, disposto a tal fin e seguiranse as instrucións que figuran nel.
2. A orde de inscrición na lista de alumnos virá determinada pola data e hora da recepción dos documentos citados. En canto se completen as prazas dispoñibles, as inscricións posteriores pasarán a integrar unha lista de reserva, para o caso de que se produzan anulacións.
3. Unha vez rematado o prazo de inscrición indicado no tríptico, o COBGA poñerase en contacto cos inscritos para informarlles da obriga de constituír unha fianza de 40,00 € que será devolta unha vez rematado cada curso (previa superación do exercicio final). O/a alumno/a terá un prazo de 3 días para o envío do xustificante bancario de ingreso ou transferencia ao correo cursos@biologosdeg Galicia.org. De non facelo así o COBGA poñerase en contacto co seguinte da lista. Unha vez cumprido este trámite comunicase aos interesados/as os datos de acceso ao CampusCobga. O COBGA resérvase o dereito de cancelar calquera curso de non haber un mínimo número de inscricións que xustifiquen a súa celebración.
4. Calquera anulación de inscrición por parte dun inscrito deberá ser debidamente comunicada canto antes. A non comunicación implicará a perda de prioridade de inscrición para calquera outra actividade do COBGA e a non devolución da fianza.
5. En canto ás anulacións debidamente xustificadas, procederá a devolución da fianza se se comunica antes do inicio do curso. Despois desa data non se devolverá.
6. A data indicada no tríptico como remate do curso é **improrrogable** e a non finalización nese prazo implicará a non devolución da fianza.
7. O alumno haberá de realizar e superar as probas sinaladas para obter a certificación de aproveitamento. Aos que desexen recibila se lles descontarán 10,00 € da fianza en concepto de gastos de xestión, excepto os/as despregados/as que o demostren enviando un DARDE actualizado.
8. De acordo co establecido na Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, informámoslle que os datos persoais que nos facilite serán incorporados a un ficheiro titularidade do COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA, con domicilio en Banquete de Conxo, 6- baixo, 15706- Santiago de Compostela (A



Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

Coruña), que cumpre coas medidas de seguridade esixidas no Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre e que ten como finalidade a xestión da súa participación no curso.

Como participante no curso organizado polo COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, comunicándoo por escrito a Banquete de Conxo, 6- baixo, 15706- Santiago de Compostela (A Coruña) ou ao correo info@biologosdegalicia.org